

Aplica axustes na valoración dos seus activos e pecha unha etapa

## EROSKI ELEVOU O SEU RESULTADO OPERATIVO UN 30,2% ATA OS 252 M€ NO 2020

- O *ebitda* superou os 330 M€ cun incremento do 26% sobre o 2019
- As vendas totais medraron un 2,1% ata os 5.377 M€ e aumentou a súa cota de mercado alimentaria na zona norte do mercado español
- Axusta Axusta o valor dos seus activos consolidados en 195 M€ aplicándolles unha valoración máis prudente ás proxeccións futuras dos negocios
- Como consecuencia, presenta un resultado consolidado negativo de 77 M€
- No 2020 EROSKI reduciu a súa débeda financeira en 140 M€ e leva acumulada unha redución de máis de 2.000 M€ dende o 2009
- Dá por rematada unha etapa de 12 anos de transformación e mellora da competitividade e da súa posición financeira

Elorrio, 18 de maio do 2021.- O grupo [EROSKI](#) pechou as contas do exercicio 2020, a 31 de xaneiro do 2021, co mellor resultado operativo dos últimos doce anos ao alcanzar os 252 millóns de euros, o que supón un crecemento do 30,2% sobre o exercicio anterior. Tamén o seu *ebitda* mellorou un 26% e elevouse ata os 331 millóns de euros. A mellora dos resultados no 2020 é tamén consecuencia da mellora acumulada da competitividade dos negocios do grupo nos últimos 12 anos.



Na mesma liña de evolución positiva do negocio, as vendas brutas do grupo aumentaron un 2,1% ata os 5.377 millóns de euros, malia aos efectos adversos da

### EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa  
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

### EROSKI – OFICINA DE PRENSA

#### CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL  
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

COVID-19 nos seus negocios non alimentarios, sectores especialmente afectados pola redución da mobilidade e as restricións de apertura durante a pandemia. O crecemento da facturación acadouse nun contexto no que a superficie de venda do grupo se reduciu no ano nun 3,5%. Ese bo comportamento das vendas tamén se trasladou á canle *online*, que pechou o 2020 cun crecemento do 82%.

EROSKI reforzou o seu liderado na zona norte do mercado español (dende Galicia a Baleares) e elevou no 2020 a súa cota de mercado ata o 13,3%, manténdose como o segundo distribuidor de alimentación no devandito perímetro.

*"O 2020 quedará para a historia como un ano excepcional pola incidencia da COVID, que condicionou toda a vida social e empresarial. O desempeño xeral de EROSKI foi moi positivo, aínda que algúns negocios como gasolineiras, viaxes ou deporte sufriron impactos negativos importantes",* salientou o presidente de EROSKI, Agustín Markaide.

Ese desempeño traducíuse nuns resultados ordinarios netamente positivos. *"Os resultados ordinarios melloraron notablemente, tanto se miramos os resultados brutos, ebitda, como os resultados operativos. Encadean xa moitos anos de mellora sucesiva como consecuencia da reestruturación realizada nos negocios e da mellora da súa competitividade",* lembrou Markaide.

### **EROSKI mantén o seu ritmo de aperturas**

Malia as dificultades derivadas da pandemia, o pasado ano EROSKI inaugurou máis de 70 tendas, entre propias e franquizadas, e afianzou a súa posición na zona norte. Destaca especialmente a operación de adquisición e adaptación ao modelo "Contigo" de dez establecementos de Sabeko Banaketa en Biscaia. Na devandita zona norte, prioritaria para o grupo, tamén concentrou a transformación da súa rede, con 92 tendas reformadas.

Así e todo, o grupo diminuíu a súa superficie comercial total en 40.000 m<sup>2</sup> como consecuencia da redución da súa presenza con hipermercados fóra da zona norte.

No eido das operacións inmobiliarias, no exercicio 2020 EROSKI pechou unha operación de *sale & leaseback* dunha carteira de 27 inmobles co fondo internacional REIT W. P. Carey por 85,5 millóns.

### **Dotacións extraordinarias que reducen os valores de activos**

No 2020 EROSKI actualizou as valoracións dos seus activos aplicándolles unha valoración máis prudente ás proxeccións futuras dos negocios afectados pola pandemia e adaptando as taxas de desconto das devanditas proxeccións ás incertezas económicas e financeiras que se perciben no contorno. Todo iso redunda nun menor valor dos fondos de comercio e doutros activos nas contas consolidadas e mais nas da cooperativa EROSKI.

---

#### **EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa  
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

#### **EROSKI – OFICINA DE PRENSA**

#### **CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL  
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

*"Estimamos que a valoración dos riscos empresariais debe ser máis prudente, especialmente cando estamos a atravesar unha pandemia que nos sorprende a todos pola súa velocidade e impacto. Isto levounos a ser máis precavidos ao valorar os activos que se avalían segundo as proxeccións futuras. Como consecuencia, no exercicio 2020 incorporamos unhas dotacións importantes, tanto nas contas individuais coma nas consolidadas. Estes criterios de maior prudencia déixannos nunha mellor disposición para atender calquera circunstancia do futuro",* valorou Agustín Markaide.

As dotacións extraordinarias realizadas son o motivo polo que, a pesar dos excelentes resultados operativos obtidos no exercicio, tanto as contas consolidadas do grupo EROSKI como as de EROSKI S. COOP. (posuidora das participacións nas sociedades das que se actualizaron as valoracións) presenten a peche do 2020 uns resultados negativos de 77,56 e 442 millóns de euros, respectivamente.

### **2009-2020: Peche dunha etapa**

*"Estamos a asistir ao final dunha etapa para EROSKI e ao nacemento doutra. A etapa que remata caracterizouse por unha importante reconversión de EROSKI que a levou á metade da dimensión que tivo no 2008. Unha etapa con fortes impactos económicos, financeiros e sociais. A cultura cooperativa do noso grupo, de esforzo, sacrificio, solidariedade e cohesión social é a que nos permitiu sobrepoñernos, transformarnos e recuperar o noso proxecto. E, por iso, EROSKI está hoxe máis forte ca nunca",* explicou o presidente de EROSKI, Agustín Markaide.

Durante a devandita etapa EROSKI decidiu focalizarse na eficiencia, en reducir o seu perímetro para concentrar os seus esforzos na zona norte, onde é un operador de referencia, e en fortalecer os seus negocios prioritarios. Como consecuencia diso, realizou diversas operacións de redución da súa rede (venta de perfumerías IF, da súa rede de supermercados na zona centro e de hipermercados en zonas non prioritarias...) e acometeu o desinvestimento dalgúns activos ociosos e inmobiliarios. Ademais, asinou varios acordos de refinanciamento da súa débeda coas entidades financeiras, o que lle proporcionou estabilidade financeira para seguir a desenvolver a súa folla de ruta. Para rematar, recentemente deulle entrada a un socio nos seus negocios en Cataluña e Baleares.

### **Incorporación de EPCG como socio en Cataluña e Baleares**

O pasado marzo EROSKI alcanzou un acordo co Hólding investidor EP Corporate Group para a súa incorporación como socio na sociedade SUPRATUC 2020, que engloba os negocios de Cataluña e Baleares. Unha operación que impulsará o relanzamento dos investimentos e da actividade en Cataluña, coa marca CAPRABO, e en Baleares, coa marca EROSKI, e que *"é sinal da confianza no noso proxecto de futuro, xa que este acordo conta cun plan de xestión e desenvolvemento aceptado por ambas as dúas partes, que permitirá a consolidación dos nosos mercados, o*

---

#### **EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa  
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

#### **EROSKI – OFICINA DE PRENSA**

#### **CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL  
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642


[Sala de prensa online](#)

reforzo da nosa posición comercial e a súa rendibilidade. A capacidade tractora que demostrou ter o noso negocio, mesmo a nivel internacional, confirma que a nosa actividade e plans para o futuro van na boa dirección", afirmou o presidente do grupo EROSKI.

### Débeda normalizada e inicio dunha nova etapa

No exercicio 2020 EROSKI reduciu a súa débeda financeira en 140 millóns de euros, alcanzando dende o 2010 unha redución de máis de 2.000 millóns de euros.

"Nos últimos anos EROSKI foi cumprindo os compromisos de redución de débeda contraídos, mesmo no tempo da COVID, e, ao mesmo tempo, foi reconvertendo os negocios cara a modelos máis competitivos. Agora atópase en condicións de afrontar o final dunha etapa de exceso de débeda e prevemos alcanzar niveis de normalidade na nosa débeda financeira neta ao final do 2021", lembrou Markaide. EROSKI dará por cumprido o compromiso de amortización de débeda fixado para finais deste ano nun importe superior ao comprometido reducindo a súa débeda financeira por debaixo dos mil millóns.



A maior competitividade do negocio e a mellora da posición financeira permítenlle a EROSKI iniciar unha nova etapa. Tal e como indica o presidente de EROSKI, "a nova etapa que EROSKI emprende, con menos limitacións ca no pasado, seguirá enfocada cara ao noso compromiso como empresa-cooperativa, o compromiso de ser un axente activo de transformación en favor dos socios e da sociedade, os actuais e os futuros, impulsando unha alimentación máis saudable e un consumo máis sostible".

#### EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa  
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

#### EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL  
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

Liñas extractadas da		
<b>CONTA DE RESULTADOS CONSOLIDADA GRUPO EROSKI</b>		
Exercicio pechado o 31 xaneiro 2021		
	2020	Ev sobre ano anterior
VENDAS BRUTAS (con IVE)	5.377	102,1 %
EBITDA	331	126,0 %
BENEFICIO OPERATIVO *	252	130,2%
RESULTADO DESPOIS DE IMPOSTOS	-77,56	-171,7 %

\* Antes de deterioracións e financeiros.

### Sobre EROSKI

EROSKI é o primeiro grupo de distribución de carácter cooperativo de España e operador de referencia no Norte do mercado español que engloba, entre outras, as rexións de Galicia, País Vasco, Navarra, Cataluña e Baleares. A súa rede comercial elévase a 1.624 establecementos, entre supermercados, hipermercados e cash & carry, amais de gasolineras, ópticas, oficinas de viaxes e tendas de equipamento deportivo e o seu supermercado *online*. Ademais, conta con máis de 6 millóns de Socios Clientes e con máis de 33.000 socios cooperativistas, traballadores e franquizados.

---

#### EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa  
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

#### EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL  
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)